



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: PUBLICACIÓN APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO.

Aprobado provisoriamente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria do día 26 de xullo de 2018 o orzamento xeral correspondente ao exercicio do ano 2018, cumprindo o disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo e do 20.1 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril: someteuse ao trámite de información pública polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP número 149 de data 3 de agosto de 2018).

Dado que en dito período de exposición pública non houbo reclamación firme contra dito orzamento, e cumprindo o disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, o orzamento inicialmente aprobado considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo Plenario.

Consorte o disposto nos artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, e do 20.3 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, esta Alcaldía:

RESOLVE:

1.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do orzamento xeral definitivamente aprobado, resumido por capítulos.

2.-Asemesmo procederáse á publicación dos cadros de persoal, aprobados xunto co orzamento xeral, cumprindo o establecido no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, Reguladora do Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894